



## **Nota informativa: COVID-19-17**

**FECHA :** 31 de mayo de 2021

**DIRIGIDO A:** Srs./as Directores/as Centros

**ASUNTO:** Nuevas medidas prevención específicas Covid-19. Aforos en actividades de tiempo libre y actos académicos

### NORMATIVA DE REFERENCIA:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20210528/2655/AnuncioC3K1-270521-9\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/excepcional/2021/20210528/2655/AnuncioC3K1-270521-9_gl.pdf)

### ACTOS Y REUNIONES CENTROS EDUCATIVOS:

3.14. Realización de actos e reunións laborais, institucionais, **académicos** ou profesionais.

A realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacionais **poderanse levar a cabo** sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, **ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.**

Nos concellos enumerados nas letras **A e B** do anexo II da presente orde, na realización dos citados actos **non se poderá superar o cincuenta por cento da capacidade autorizada** do local. **En calquera caso, deberase respectar un máximo de 75 persoas para lugares pechados e de 150 persoas se se trata de actividades ao aire libre.**

Nos concellos enumerados na letra **C e D** do anexo II da presente orde, nas ditas actividades **non se poderá superar o setenta e cinco por cento da capacidade autorizada** do local e, en todo caso, **deberase respectar un máximo de 150 persoas para lugares pechados e de 300 persoas se se trata de actividades ao aire libre.**

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir xunto cun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España, elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

ACTIVIDADES DE TIEMPO LIBRE PARA POBLACIÓN INFANTIL Y JUVENIL:

3.26. Actividades de tempo libre dirixidas á poboación infantil e xuvenil.

**Poderanse realizar actividades de tempo libre** destinadas á poboación infantil e xuvenil cando estas se leven a cabo ao **aire libre**, sempre que se limite o número de participantes ao **cincuenta por cento da súa capacidade máxima, cun máximo de cincuenta participantes, excluídos os monitores.**

Cando estas actividades se realicen en **espazos pechados, non se deberá superar o cincuenta por cento da capacidade máxima** do recinto, **cun máximo de vinte e cinco participantes, excluídos os monitores.**

As actividades deberán realizarse **no interior en grupos de ata seis persoas participantes** e **no exterior en grupos de dez participantes**, sexan ou non conviventes e **excluídos os monitores correspondentes**, que deberán traballar sen contacto entre os demais grupos.